

COMUNICADO Nº1 - TROFEOS

3º TROFEO MEMORIAL GILILLO PEREZ

A Escudería Congostra Team Sanxenxo e a empresa JP Selection Cars, organizan o **3º Trofeo Memorial Gilillo Perez** destinado a todos os equipos con vehículos tracción traseira. Todo equipo participante tera que portar unha pegatina como a que se mostrara no complemento de publicidades e que **se ubicará no capo do vehículo**, no lado contrario a placa do rallye.

Os tres primeiros clasificados ademais de un trofeo para cada integrante do equipo optarán os seguintes premios:

1º Clasificado: 300€

2º Clasificado: 200€

3º Clasificado: 100€



4º TROFEO PONTEVEDRA 1984 – CONGOSTRA TEAM SANXENXO

As Escuderías Pontevedra 1984 Team e Congostra Team Sanxenxo, ao igual que nas derradeiras edición, organizan o **4º TROFEO PONTEVEDRA 1984 – CONGOSTRA TEAM SANXENXO** para todos os equipos das dúas escuderías participantes no VIII RALLYE DE PONTEVEDRA.

A clasificación de este trofeo, obterase a partir da clasificación final do VIII RALLYE DE PONTEVEDRA, resultando premiados os 10 PRIMEIROS EQUIPOS clasificados de entre ambas dúas escuderías.

Os trofeos serán entregados a PILOTO e COPILOTO durante a entrega de premios do VIII RALLYE DE PONTEVEDRA, sendo obrigatoria a súa asistencia a mesma. **Ademais os 3 primeiros clasificados poderán desfrutar dun pack especial de produtos de Kalekoi.**



Kalekói

TROFEOS COPAS DE PROMOCIÓN

A empresa Pradocar e Congostra Team Sanxenxo queren informar os equipos participantes no VIII RALLYE DE PONTEVEDRA, que durante a entrega de premios final, se entregarán trofeos a piloto e copiloto de cada un dos **3 primeiros equipos clasificados de cada copa de promoción que puntúen na proba.**

- Super Campionato Pirelli-Recalvi (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Copa Top Ten Pirelli-Driver-Autia B "PLUS" (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Copa Top Ten Pirelli-Driver-Autia C (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Copa Pirelli AMF Motorsport (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Copa Pirelli AMF Orixe (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)
- Challenge R2 – Staroil (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto)

Para recibir os trofeos, e obrigatorio a asistencia de piloto e copiloto a entrega de premios.



TROFEOS AGRUPACIÓNS

Dende a Escudería Congostra Team Sanxenxo informamos que durante a entrega de premios final, se entregarán trofeos a piloto e copiloto de cada un dos 3 primeiros equipos clasificados de cada agrupación, como iniciativa por parte da propia escudería.

TROFEOS CLIO TROPHY GALICIA E DACIA SANDERO ECO CUP GALICIA

Os trofeos das copas anteriormente nomeadas serán doados polo organizador de cada copa e entregados a (1º, 2º e 3º, Piloto e Copiloto) durante a entrega de trofeos do VIII Rallye de Pontevedra.

SORTEO DUNHA NOITE NA CASA RURAL OS AREIROS

Ao igual que nas derradeiras edicións, durante a celebración da entrega de trofeos do VIII Rallye de Pontevedra, celebrarase o sorte dunha estancia de unha noite na Casa Rural Os Areiros.



O COMITÉ ORGANIZADOR

Sanxenxo, 12 de Maio de 2026 sendo as 22.00 horas.